

# GARANTIR A PAZ

## PALESTINA

### II MANIFESTO GARANTIR A PAZ

*Aprobado no Consello Nacional de CCOO Galicia (Ourense 22-11-2024)*

O contexto internacional que vivimos é convulso: a inaceptable invasión de Putin, que xa se encontra no terceiro ano de guerra, a traxedia en Gaza e a invasión do Líbano. O masacre da indefensa poboación civil debe pararse inmediatamente.

A Unión Europea debe ser actor principal na conclusión de ambos os conflitos: cómpre restaurar o dereito internacional quebrantado e cómpre respectar os lexítimos intereses dos pobos a vivir en paz e seguridade, coa constitución e recoñecemento internacional do Estado Libre de Palestina.

CCOO condena todo tipo de violencia, tanto a perpetrada contra a poboación israelí como a exercida na escalada bélica de Israel contra o pobo palestino en Gaza e a extensión do conflito ao Oriente Próximo. Ademais, os ataques armados inclúen o bloqueo de alimentos e electricidade e a destrución de infraestruturas básicas, o que supón a vulneración de dereitos humanos e da Convención de Xenebra. Tamén esixe a fin das violacións constantes dos dereitos humanos da poboación palestina por parte de Israel e da limpeza étnica practicada desde hai máis de setenta anos.

Estas vulneracións da legalidade xa as denunciaba o Sindicato Nacional de CCOO a través dunha resolución aprobada no seu último Congreso Nacional (maio do 2021), que detallaba os massacres de familias enteiras —incluídos menores de idade— no medio de manifestacións racistas contra a poboación árabe. Hai un ano publicabamos o manifesto de apoio ao pobo palestino.

Todas as persoas amantes da paz, independentemente das nosas crenzas, culturas políticas e sen menoscabo de apoiarmos outras medidas, debemos unirnos ao redor das seguintes esixencias básicas:

1. Israel debe deter decontado os bombardeos e a invasión, cumprir o dereito internacional, retirarse de Gaza e do Líbano e habilitar un corredor humanitario.

2. Irán debe desistir de calquera ataque sobre Israel e o resto de países da rexión, contribuír a parar a guerra. Hezbolá e Hamás deben tamén deter os seus ataques, e este último liberar de forma incondicional os reféns.

3. Aumentar a presión internacional para conseguir un cesamento do fogo inmediato e traballar asemade por un acordo de paz xusto, baseado na legalidade internacional e nas resolucións da ONU e da UE, recoñecendo o dereito á existencia dos dous Estados, o palestino e o israelí. A ONU debe mediar como forza de paz sobre o terreo.

Unímonos ao movemento mundial de repulsa da guerra, incluíndo as crecentes manifestacións de comunidades xudías en moitos países e de israelís que se opoñen ao seu Goberno. Propoñemos que, por diante das lóxicas diferenzas, a gran cantidade de puntos de vista e outras medidas que se defendan, se dea cabo do masacre que vivimos día a día en Oriente Próximo.

**Chamamos a toda a cidadanía e a todas as organizacións do país a unírense na defensa da paz, e que se suman o 30 de novembro, ás 12:00 horas, ás concentración convocadas en:**

- **Santiago de Compostela, praza do Toural**
- **A Coruña, praza do Obelisco**
- **Pontevedra, praza da Peregrina**
- **Ourense, fronte á Delegación do Goberno**
- **Lugo, praza do Concello**
- **Vigo, O Marco**

**Cesamento do masacre XA! Acordo de Paz xusto baseado na legalidade internacional e nas resolucións da ONU e da UE.**